



## ROGO PARA A REHABILITACIÓN DA PRAZA E DO CONTORNO ENTRE O IES DE SAR E A RÚA CURROS ENRÍQUEZ

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Na confluencia das rúas Curros Enríquez, Bernardo Barreiro de Vázquez Varela existe un praza pública que a pesar das súas reducidas dimensións (cunha superficie de pouco máis de 1.000 m<sup>2</sup>), mantén un uso intensivo, fundamentalmente como consecuencia da proximidade do Instituto de Ensino Secundario (IES) de Sar que se sitúa á súa beira.

Veciños próximos a ese parque téñense dirixido a este grupo municipal –e ao parecer teñen remitido tamén escritos a outras instancias municipais- para solicitar unha actuación de rehabilitación nese contorno. As queixas céntranse na reparación de pavimentos, tanto na praza como nos arredores dos colectores de lixo soterrados da rúa Curros Enríquez, a limpeza de mobiliario e instalacións, melloras nas zonas verdes, asentamento de reixas de sumideiros e a procura dunha solución ás filtracións e humidades que padece o garaxe situado no subsolo da propia praza e que ao parecer poden gardar relación co mantemento da superficie desta área de lecer.

Á vista da situación da praza e das demandas formuladas pola veciñanza, o Grupo Popular formula o seguinte ROGO:

*Que o Goberno local avalie e acometa as melloras precisas na praza pública e no contorno das rúas Curros Enríquez, Bernardo Barreiro de Vázquez Varela e do Instituto de Ensino Secundario de Sar, tendo en conta as peticións realizadas pola veciñanza.*

Santiago de Compostela, a 7 de novembro de 2016.



María Corral López  
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

## ANEXO FOTOGRÁFICO

